Universidade de Vigo

Campus de Vigo

Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas

Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
Grao en Enxeñaría da Enerxía
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
Máster en Xeoinformática

Centro certificado FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

# Acta da Xunta de Escola ordinaria do 8 de abril de 2016

**Anexos:**

I. Convocatoria de Xunta de Escola do 08/04/2016.

II. Asistentes á Xunta de Escola do 08/04/2016.

III. Acordo COAP: PDA da ETS de Enxeñaría de Minas para o curso 2016/17.

IV. Acordo COAP: Encargo da materia “Xeoloxía” na PDA da ETSE de Minas para o curso 2016/17.

V. Orzamento da Escola para o exercicio 2016.

VI. Procedemento AC-01-04 P1: Accesos e Admisión.

VII. Procedemento AC-02-01 P1: Matrícula.

VIII. Procedemento AC-04-01-P1: Expedición de títulos oficiais.

IX. Procedemento DO-0101 P1: Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 10 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da ETS de Enxeñaría de Minas, presidida pola Directora, Dona Natalia Caparrini Marín e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

**1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 29 de marzo de 2016 e extraordinaria celebrada o 30 de marzo de 2016.**

Enviáronse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 29 de marzo de 2016 e extraordinaria celebrada o 30 de marzo de 2016.

Unha vez aprobadas serán publicadas definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de aceso libre da web do centro, por exemplo en galego:

http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

## 2. Informe da Directora

A Directora informa:

- A dirección recibiu da Secretaria Xeral os cesamentos e nomeamentos correspondentes ao equipo directivo da Escola con efectos económicos e administrativos de data do 30 de marzo de 2016.
- A dirección enviou á Secretaria Xeral unha resolución da Directora da ETSEM pola que se designa a María Araújo Fernández suplente da Directora en caso de ausencia.
- Enviouse á Área de Apoio á Docencia e Calidade a información solicitada ao centro sobre o profesorado para a recollida de datos do centro para realizar a valoración anual do profesorado dentro do programa DOCENTIA (Programa da Avaliación da Actividade Docente do Profesorado).
- Do 5 ao 29 de abril estará aberto o prazo de recepción de información para a recollida de datos para a valoración das actividades, informes e indicadores correspondentes ao profesorado do curso 2014-2015, dentro do Programa da Avaliación da Actividade Docente do profesorado (DOCENTIA). O acceso realizase a través da Secretaría Virtual https://seix.uvigo.es/uvigo.sv/ no ítem "Valoración da Actividade Docente".
- Enviouse a execución de orzamento do primeiro trimestre de 2016. Unha vez acabados os traballos de adecuación de accesibilidade AA que se están levando a cabo publicaranse na sección de DESCARGAS ACTAS e GASTOS da web http://etseminas.webs.uvigo.es/cms/index.php?aid=689
- Do 12 ao 15 de abril celébrase o curso práctico sobre o programa RecMin: software para investigación e explotación de recursos minerais, organizado na ETSE de Minas polo Colegio Oficial de Ingenieros de Minas del Noroeste. A dirección agradece esta iniciativa.
- Do 14 ao 16 de abril celébrase en Silleda a primeira edición da "Feria de la Energía de Galicia". Para a devandita feira enviouse material de divulgación dos títulos do centro así como o panel da exposición itinerante sobre Xeotermia. Ademais enviouse unha invitación tanto a docentes como a alumnado do centro para participar na visita guiada e no taller de xeotermia organizado por ACLUXEGA e que se celebrará o 15 de abril ás 16:30 horas.

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

- Desde o 7 de abril e ata o 31 de maio, están abertas as enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais. Segundo a planificación prevista para o curso 2015-16, este ano realízanse para o alumnado de 3º dos graos, alumnado de mestrados e non se realiza para o profesorado. O acceso faise a través da Secretaría Virtual https://seix.uvigo.es/uvigo.sv/ no ítem "Encuestas de Satisfacción". Anímase aos alumnos a participar nesta enquisa xa que ademais da información que achega sobre os títulos repercute no contrato programa e por tanto no orzamento do centro.
- A Área de Apoio á Docencia e Calidade solicitou ao centro que se convoque a dous representantes de alumnado da Xunta de Escola para unha reunión con eles para coñecer a súa opinión e suxestións sobre calidade. Dita reunión celebrarase o 12 de abril. Confirmouse a asistencia do alumno Marcos González Bello.
- O alumno do grao de Enxeñaría da Enerxía José Ignacio Iglesias Prado, asistirá á primeira conferencia de estudantes de enxeñaría da enerxía que se vai celebrar o 20 e 21 de maio en Suíza: http://www.energybptgroup.org/conference-2016. Asistirá en representación dos estudantes da Universidade de Vigo na Asociación de Enxeñeiros da Enerxía (AINEnergía) http://ainenergia.com/. A dirección agradece a iniciativa.
- Recibiuse o catálogo completo de formación de cursos presenciais e cursos online organizados polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia para o primeiro semestre do ano 2016.
- O 20 de abril celébrase na ETSE de Telecomunicacións a Xornada Atlantic Geoespatial Day, organizada polo Máster de Xeoinformática, adscrito a esta Escola, á Universidade de A Coruña e á Universidade de Vigo: http://www.mastergeoinformatica.es/geospatialday/. A dirección agradece esta iniciativa ao profesorado implicado xa que estas accións axudan a visibilizar o centro.

**3. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2016-2017.**

A COAP informou desfavorablemente sobre a PDA (Anexo III) aprobada por esta Xunta de Escola na súa reunión do 4 de marzo de 2016 e solicita á XE que se aprobe unha nova PDA, seguindo as liñas suxeridas:

*"Redución obrigatoria a un único grupo A (teórico) de diversas materias nos cursos de primeiro e segundo (90 ECTS / 15 materias) que comparten o Grao de Enxeñaría de Enerxía e o Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (este último cun Informe de Avaliación do Plan de Viabilidade Favorable de 3 de xuño de 2015)"*

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es


Procédese á votación da proposta de elaboración dunha nova PDA seguindo as liñas establecidas pola reitoría, sendo o resultado da votación o seguinte:

Votos a favor da elaboración dunha nova PDA: 0

Votos en contra da elaboración dunha nova PDA: 32

Abstencións: 0

Polo que a Xunta de Escola rexeita, por unanimidade, a proposta da reitoría de elaborar unha nova PDA.

Así mesmo, a COAP solicitou (Anexo IV) acordo da Xunta de Centro sobre o *"cambio de adscrición da materia "Xeoloxía" do departamento T06 (Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente) ao departamento C10 (Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio) xa que este último departamento dispón de folgura docente no Campus de Vigo"*.

A dirección propón que sexan eliminados da lista de adscrición de materias dos graos os Departamentos C10-Geociencias Mariñas e Ordenación do Territorio e C06-Matemáticas, por considerar que a súa solicitude non está debidamente xustificada tal e como se específica nos Criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2016-17, nin se especifica a área que poida asumir o encargo das materias, tal e como se específica no oficio enviado pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, o pasado 15 de febreiro, sobre o proceso de elaboración da Planificación Docente Anual (PDA) do curso 2016/2017.

A Xunta de Escola aproba por unanimidade suprimir da lista de adscrición estes dous Departamentos.

Acórdase tamén que a Dirección da Escola solicite por escrito á COAP os criterios polos cales se decide a asignación de materias a Departamentos. Así mesmo solicitarase que a Directora da Escola poida asistir ás reunións da COAP e de Consello de Goberno nas cales se trate este punto.

A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por unanimidade o mesmo na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

## 4. Aprobación, se procede, do orzamento da Escola para o exercicio 2016

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o orzamento para o exercicio 2016 (Anexo V) que foi coordinado polo Subdirector David Patiño Vilas. A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

Toda a documentación relativa a este punto foi enviada adxunta á convocatoria desta Xunta de Escola.

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

A Dirección agradece o traballo realizado e tamén agradécese á administradora do centro, Ana Cacheiro, a axuda prestada na realización deste orzamento. O referido orzamento, así como as execucións trimestrais do 2016, poderanse consultar no apartado ACTAS E GASTOS da web do centro:

http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0

**5. Renovación, se procede, da composición da Comisión Permanente da ETSE de Minas.**

Os profesores Higinio González Jorge e Ángeles Saavedra González causan baixa na Comisión Permanente da ETSE de Minas. Recibíronse as candidaturas da profesora Elena González Rodríguez e do profesor Joaquín Martínez Sánchez para representar 1º dos Graos e o Máster de Xeoinformática, respectivamente.

Polo que a nova composición quedaría da seguente forma:

| | | |
|---|---|---|
| *Presidente/a da Comisión* | | |
| *Secretario/a da Comisión* | | |
| *Subdirector/a da ETSE de Minas* | | |
| PDI | *1º Grados* | *Elena González Rodríguez* |
| | | *Alfonso Mandado Vázquez* |
| | *2º Grados* | *Carla Iglesias Comesaña* |
| | | *Enrique Granada Álvarez* |
| | *3º-4º Grao Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos* | *Fernando García Bastante* |
| | | *Leandro Alejano Monge* |
| | *3º-4º Grao Enxeñaría da Enerxía* | *Jorge C. Morán González* |
| | | *Javier Taboada Castro* |
| | *Master en Enxeñaría de Minas* | *Teresa Rivas Brea* |
| | | *Elena Alonso Prieto* |
| | *Master en Xeoinformática* | *Joaquín Martínez Sánchez* |
| | | *Pedro Arias Sánchez* |
| Alumnos | *Diego Faro Malvar* | *Iago Blanco Losada* |
| | *Rosalía Carrillo Pérez* | *Víctor Pérez Sanmamed* |
| | *Jaime García Iglesias* | *Bran Touriño Andrade* |
| | *Rodrigo Graña Molina* | *Sergio Búa Fernández* |
| PAS | *Mª Carmen Romo Pérez* | |

A Xunta de Escola aproba por asentimento a renovación da Comisión Permanente proposta. A Dirección agradece o traballo realizado polos profesores saíntes.

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es


## 6. Modificación, se procede, dos responsables da coordinación para o curso 2016-2017.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, modificar os responsables da coordinación para o curso 2016-2017, nomeando aos profesores que se citan a continuación como responsables de coordinación no ámbito que se especifica no seguinte cadro:

| | |
|---|---|
| MÁSTER UEM | Elena Alonso Prieto |
| MÁSTER XI | Higinio González Jorge |
| GRAO EE | David Patiño Vilas |
| GRAO ERME | María Araújo Fernández |
| 1º CURSO GRAOS | Elena González Rodríguez |
| 2º CURSO GRAOS | Eduardo Giráldez Pérez |
| 3º-4º CURSO EE | Pablo Eguía Oller |
| 3º-4º CURSO ERME | Fernando García Bastante |
| PRÁCTICAS EXTERNAS GRAOS e MUEM | Javier Taboada Castro |
| 1º-2º CURSO MUEM | Teresa Rivas Brea |
| CALIDADE MUEM | María Araújo Fernández |
| PAT | Itziar Goicoechea Castaño |
| DIFUSIÓN | Marta Cabeza Simó |
| CALIDADE | Ángeles Saavedra |

A Dirección agradece o traballo realizado polos coordinadores saíntes.

A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

## 7. Modificación, se procede, da composición da Comisión de Calidade.

A Xunta de Escola, tendo en conta os cambios na Dirección da Escola, acorda, por asentimento, aprobar a modificación da composición da Comisión de Calidade do Centro, que queda conformada polos seguintes membros:

| | | |
|---|---|---|
| Presidente comisión: | Director/a del centro | Natalia Caparrini Marín |
| Secretaria comisión: | Coordinador/a de Calidade | Ángeles Saavedra |
| Coordinador/a Grados | Grado EE | David Patiño Vilas |
| | Grado ERME | Carmen Pérez Pérez |
| Coordinador/a Masteres | Master IM | Elena Alonso Prieto |
| | Master XI | Higinio González |
| Enlace de Igualdad: | | Teresa Rivas Brea |
| Representante do PDI: | | Benito Vazque Dorrío |
| Representante do Alumnado: | | Marcos González Bello |
| Representante dos Egresados: | | Luisa Álvarez Zaragoza |
| Representante da Sociedade: | | Diego López González |
| Administrador/a do centro ou persoa en quen delegue: | | Mª Carmen Romo |

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

| | |
|---|---|
| Representante da UTC: | Raquel Gandón |

A Dirección agradece o traballo realizado polos membros saíntes.

A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

**8. Aprobación, se procede, dos criterios aplicados para o reparto de recoñecementos de apoio á actividade docente dos Centros (POD curso 2016-2017).**

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, o reparto de recoñecementos de apoio á actividade docente dos Centros que se achega na seguinte táboa:

| NOME DO PROFESOR/A | NOME DO RECOÑECEMENTO | Nº HORAS |
|---|---|---|
| David Patiño Vilas | Coordinación Grao | 45 |
| María Araújo Fernández | Coordinación Grao | 45 |
| Pablo Eguía Oller | Organización Docente | 12 |
| Fernando García Bastante | Organización Docente | 12 |
| Elena González Rodríguez | Organización Docente | 12 |
| Ángeles Saavedra González | Apoio á Calidade | 15 |
| María Araújo Fernández | Apoio á Calidade | 16 |
| Itziar Goicoechea Castaño | Apoio á Calidade | 20 |
| Javier Taboada Castro | Apoio Programas de Prácticas | 20 |
| | | **197** |

A Dirección agradece ao profesor Eduardo Giráldez Pérez que, a pesar de que non é posible asignarlle recoñecemento de horas como coordinador de 2º curso dos graos, continúe coa súa labor de coordinación dun modo tan desinteresado.

A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

**9. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas.**

A Comisión de Garantía Interna de Calidade propón a substitución dos seguintes procedementos:

| Novo procedemento | | Antigo procedemento | | |
|---|---|---|---|---|
| AC 01<br>AC 02 | Acesos e Admisión<br>Matrícula | PC04 | Selección, Admisión e Matriculación de Estudantes | 11/12/2008 |
| AC 04 | Expedición de Títulos Oficiais | PA09 | Xestión de Expedientes e Tramitación de Títulos | 11/12/2008 |
| DO 0101 | Deseño, verificación, | DO 0101 | Deseño, verificación e | 09/07/2013 |

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es



| | |
|---|---|
| modificación e acreditación das titulacións oficiais. | autorización das titulacións |

Toda a documentación relativa a este punto foi enviada adxunta á convocatoria desta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola acorda por asentimento aprobar os novos procedementos (Anexos VI a IX).

A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento esto mesmo na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

## 10. Rogos e preguntas

O profesor José Benito Vázquez Dorrío roga que se rogue ao Reitor que nas notificacións de cese de cargo unipersoal sexa incluída, como ocorría no pasado, a fórmula "agradecéndolle os servizos prestados".

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 55 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a oito de abril de dous mil dezaseis.

Vº e Prace

| | |
|---|---|
| A Presidenta | A Secretaria |
| Natalia Caparrini Marín | Ángeles Saavedra González |

# ANEXO I

# Convocatoria de Xunta de Escola do 08/04/2016

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

# ANEXO II

## Asistentes á Xunta de Escola do 08/04/2016

Universidade de Vigo

Campus de Vigo

Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas

Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
Grao en Enxeñaría da Enerxía
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
Máster en Xeoinformática

Centro certificado FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

| | |
|---|---|
| **Profesorado** | |
| 1. | Alejano Monge, Leandro |
| 2. | Alonso Prieto, Elena |
| 3. | Álvarez Vázquez, lino José |
| 4. | Araújo Fernández, María |
| 5. | Arias Sánchez, Pedro |
| 6. | Cabeza Simó, Marta |
| 7. | Caparrini Marín, Natalia |
| 8. | Correa Otero, Antonio |
| 9. | García Bastante, Fernando |
| 10. | González Jorge, Higinio |
| 11. | González Rodríguez, Elena |
| 12. | Iglesias Comesaña, Carla |
| 13. | Liz Marzán, Eduardo |
| 14. | Patiño Cambeiro, Faustino |
| 15. | Patiño Vilas, David |
| 16. | Pérez Pérez, Mª Carmen |
| 17. | Rivas Brea, Teresa |
| 18. | Saavedra González, Ángeles |
| 19. | Vázquez Dorrío, José Benito |
| 20. | Vijande López, Javier |
| **Alumnado** | |
| 21. | Blanco Losada, Iago |
| 22. | González Bello, Marcos |
| 23. | Juncal Rosales, Mariola |
| 24. | Parra Urrea, José María |
| 25. | Pérez Sanmamed, Víctor |
| **P.A.S.** | |
| 26. | Romo Pérez, Mª del Carmen |

| | |
|---|---|
| **Total membros Xunta de Escola:** | 54 |
| **Asistentes:** | 26 |

Escusan a súa ausencia: Ángel Espada Seoane, Alfonso Mandado Vázquez, Ana Mª Ulla Miguel, Jaime García Iglesias e Iván Veleiro Pinal

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es



# ANEXO III

# Acordo COAP: PDA da ETS de Enxeñaría de Minas para o curso 2016/17

Centro certificado FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

# ANEXO IV

## Acordo COAP: Encargo da materia "Xeoloxía" na PDA da ETSE de Minas para o curso 2016/17

Universida de Vigo

Campus de Vigo

Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas

Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
Grao en Enxeñaría da Enerxía
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
Máster en Xeoinformática

Centro certificado FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

# ANEXO V

# Orzamento da Escola para o exercicio 2016

Centro certificado FIDES-AUDIT
Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

# ANEXO VI

## Procedemento AC-01-04 P1: Accesos y Admisión

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

# ANEXO VII

## Procedemento AC-02-01 P1: Matrícula

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

# ANEXO VIII

## Procedemento AC-04-01-P1: Expedición de títulos oficiais

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

# ANEXO IX

## Procedemento DO-0101 P1: Diseño, verificación, modificación y acreditación de las titulaciones oficiales